



**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**

REXISTRO XERAL  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 28/04/2017 14:18:07

SA/DA 39585 / RX 680684



**Concello de Cambados**

Praza do Concello, 1  
 36630 - Cambados  
 Pontevedra

**EXPEDIENTE:** Proxecto de construción: Itinerario peonil e ciclista na PO-300. Vilariño - Polígono do Salnés. P.Q. 9+310 - 10+270.  
**CLAVE:** PO/16/062.06  
**ASUNTO:** Información pública

Xunto con este escrito, e de conformidade co artigo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, achégaselles un exemplar en CD do proxecto de construción "Itinerario peonil e ciclista na PO-300. Vilariño - Polígono do Salnés. P.Q. 9+310 - 10+270" de clave PO/16/062.06, debido a que acordouse sometelo ao trámite de información pública, durante un prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia (*prevista para o 5 de maio de 2017*), e ao informe das administracións públicas afectadas.

Xunto con este escrito, e na súa calidade de administración territorial afectada, achégaselle o referenciado CD, para que no prazo de trinta días hábiles ese Concello examine se o trazado proposto neste proxecto é o máis axeitado para os seus intereses e informen sobre ese aspecto. Transcorrido o devandito prazo sen que se emita informe, entenderase a súa conformidade co trazado proposto.

Noutra orde, e de conformidade co artigo 21.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o antedito documento deberá estar exposto ao público nese Concello durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, para a admisión de alegacións durante o mesmo período, na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As alegacións presentadas a esta actuación deberán versar sobre a concepción global do trazado exposto.

Así mesmo, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no art. 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, sometese a información pública relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización do proxecto de construción "Itinerario peonil e ciclista na PO-300. Vilariño - Polígono do Salnés. P.Q. 9+310 - 10+270", de clave PO/16/062.06, para que dentro dun prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Diario Oficial de Galicia, os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa, polo que este documento deberá estar exposto ao público nese Concello durante o prazo antedito.

Rematado o período de información pública, solicítolle a remisión ás oficinas desta Axencia Galega de Infraestruturas do certificado comprensivo de que o proxecto estivo a exposición pública durante o prazo establecido, facendo constar se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas



Francisco Menéndez Iglesias

CAMBADOS  
 REXISTRO ENTRADA  
 2017-E-RC-2642  
 05/05/2017 10:44



